

Notas de prensa

Balduino Iglesias, *Mero*, presenta dous libros de poemas

Na Fundación Wenceslao Fernández Flórez déronse a coñecer *Na lonxitude do tempo* e *Recendos de luz e sombra*.



En Villa Florentina de Cecebre, sede da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, foron presentados dous libros de poemas do músico e investigador cultural Balduino Iglesias Dobbarrio, *Mero*.

Mero, fundador de Fuxan os Ventos e A Quenlla, escribe poesía desde hai moitos anos, téndose publicado recentemente os libros *NA LONXITUDE DO TEMPO* e *RECENDOS DE LUZ E SOMBRA*. O primeiro deles, editado por Espiral

Maio, recolle o poemario que acadou o premio de poesía do Concello de Viveiro, e o segundo ("seis dúcias de poemas máis un"), publicado pola Fundación Manuel María da Terra Chá.

Intervíñeron na presentación Xosé Luis Rivas Cruz (Mini), compañeiro de *Mero* en tódalas súas actividades culturais e musicais, o escritor e activista cultural David Otero, o Director da Fundación Manuel María, Alfonso Blanco Torrado, e coordinou o acto o xornalista Xulio Xiz. Leron poemas de *Mero* o escritor Xoan Xosé Fernández Abella, e Mónica (acompañada á guitarra por Miro Casabella). Presentou o acto Antonio Montero, Directivo da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

X.X., 2007-01-17